

*Libres, desobedientes
e feministas
para mudalo todo!!!*



**1ª asemblea xeral
Ponencia política e organizativa**

PFG
Plataforma feminista galega

Índice

Quen somos?.....	3
Fins da PFG.....	4
Como nos organizamos?.....	5
Introdución.....	6
Marco ideolóxico.....	7
Feminismo como proposta política e teórica.....	7
Despatriarcalización, descentralización e participación plural.....	8
Transversalidade e interseccionalidade.....	8
Alianzas con outros movementos sociais e sectores.....	9
Alianzas desde loitas comúns.....	9
Economía feminista, sustentabilidade da vida.....	10
Economía do coidado.....	11
Violencias machistas, un problema sistémico.....	13
Mercantilización dos corpos das mulleres.....	13
Prostitución.....	13
Úteros de aluguer.....	15
Conclusións.....	16
O debate non acaba aquí.....	16



Quen somos?

- 1 A Plataforma Feminista Galega é **unha organización feminista independente que**
2 **reúne a mulleres de diversas procedencias** políticas que asumen o compromiso social
3 de loitar contras as violencias machistas e que tanto de forma individual como
4 integradas en colectivos levamos tempo traballando xuntas e por iso decidimos construír
5 un **espazo de traballo común no que podemos sentarnos a debater, a loitar xuntas.**
- 6 Consideramos ao patriarcado e ao sistema capitalista como elementos que se
7 complementan. O sistema patriarcal é anterior ao capitalismo, por iso a destrución do
8 sistema capitalista non implica a destrución do patriarcado, xa que o sistema patriarcal é
9 unha estrutura transversal que afecta a todas as clases sociais.
- 10 **Organizámonos de forma totalmente ASEMBLEARIA**, entendendo unha asemblea
11 como un espazo de debate na procura de consenso, onde todas as nosas voces teñen a
12 mesma validez; e a autoxestión como forma de financiamento.
- 13 Loitamos polos dereitos da muller a decidir sobre o seu corpo e a súa vida persoal.
- 14 A SEXUALIDADE debe estar caracterizada por relacións libres entre persoas, sen tabús
15 nin opresión sexual.
- 16 Rexeitamos a división sexual do traballo que se impón nas nosas vidas e no mercado
17 laboral, afectando os salarios, despedimentos improcedentes e os roles condicionados
18 ao xénero.
- 19 Reivindicamos por tanto a igualdade social, política e laboral entre homes e mulleres.
- 20 Aínda que compartimos ideoloxías de ESQUERDAS, **a Plataforma Feminista Galega non**
21 **está ligada a ningunha corrente política concreta, nin desexa ser asociada a ningún**
22 **partido, organización ou sindicato.**
- 23 Consideramos igual de importante tanto a ACCIÓN social e a loita continuada nas rúas,
24 como a FORMACIÓN e concienciación persoal e a construción dunha teoría feminista
25 sólida.

1 Fins da PFG

- 2 1. A defensa e loita polos dereitos das mulleres constituíndose, pois, en canle de
3 denuncia de situacións especialmente gravosas para elas.
- 4 2. Traballar en todos aqueles aspectos que atinxan as mulleres en todos os ámbitos:
5 social, político, sanitario, económico, laboral, etc. loitando e defendendo as
6 formulacións en favor da igualdade das mulleres en todos os aspectos.
- 7 3. Propoñer solucións e instar aos gobernos para que impulsen e fagan cumprir as
8 disposicións legais que posibilitan que as mulleres gocen das mesmas
9 oportunidades en todas as esferas da súa vida (medio rural, civil, económica,
10 social, cultural, política, etc.).
- 11 4. Divulgar o respecto, desenvolvemento e efectividade dos dereitos humanos das
12 mulleres.
- 13 5. A promoción e desenvolvemento de estruturas que posibiliten a loita contra a
14 violencia machista, solicitando os apoios sociais e/ou institucionais necesarios
15 para a súa erradicación.
- 16 6. Potenciar a relación entre os distintos estamentos que interveñen no proceso de
17 loita contra a violencia de xénero, fomentando así a conxunción de distintas
18 experiencias e perspectivas na busca da necesaria eliminación de toda forma de
19 violencia contra as mulleres.
- 20 7. A defensa dos dereitos LGTBI e a denuncia de todas as agresións heteropatriarcais
21 ao colectivo.
- 22 8. A loita contra a explotación, trata e escravitude sexual.
- 23 9. Fomentar os valores dos feminismos a través da coordinación, realización e
24 preparación de actividades con distintos organismos.
- 25 10. A construción dun movemento feminista combativo e unitario, con base nos
26 valores de colectividade, solidariedade e apoio mutuo.
- 27 11. A coordinación, colaboración e traballo conxunto con outros espazos feministas e

1 movementos sociais co fin de transversalizar o discurso feminista en todos os
2 espazos de loita existentes así como o seu tratamento.

3 12.A coeducación así como o seu tratamento a través da súa análise coeducativo no
4 conxunto da súa complexidade e diversidade de temáticas adaptado a todos os
5 niveis educativos.

6 **Como nos organizamos?**

7 A Plataforma Feminista Galega é unha organización feminista independente que reúne a
8 mulleres de diversas procedencias políticas.

9 Poden ser integrantes da Plataforma Feminista Galega **todas aquelas mulleres que así**
10 **o soliciten e que desexen participar e traballar neste espazo feminista galego**
11 sempre que amosen ter interese nos fins da mesma. A participación pode ser ben de
12 xeito individual ou ben en representación dun colectivo ou organización afín que
13 colabore e cumpra cos protocolos establecidos polas asembleas locais e a PFG no seu
14 conxunto.

15 A participación desta base social no traballo cotián da PFG é aberta, directa, e
16 democrática canalizándose a través dos grupos de traballo local, nos grupos de traballo
17 específicos creados, nas súas actividades locais, nas asembleas periódicas.

18 Entendemos que esta actividade e forma de nos organizar é un dos principais
19 fundamentos, sen os que non ten sentido unha organización como a nosa.

20 **Somos unha organización aberta, inclusiva, plural**, atenta a todos os puntos de vista
21 de quen loita pola transformación social para rematar coas violencias machistas e quere
22 acadar a igualdade efectiva entre mulleres e homes, pero orgánica e politicamente
23 independente.

24 Contamos ademais co apoio de colectivos sociais e de organizacións que se identifican
25 cos nosos obxectivos e colaboran connosco en accións de sensibilización e denuncia.

26 Entre as nosas asembleas anuais funciona unha **coordinación nacional composta**
27 **polas vogalías que cada grupo de traballo local propón para a súa representación.**

- 1 A Xunta directiva da asociación é elixida pola Asemblea Xeral.
- 2 Temos como normas a austeridade e a eficiencia no emprego dos recursos dos que
- 3 dispomos; o funcionamento democrático e en equipo na xestión; e, en coherencia cos
- 4 nosos principios, unha xestión económica transparente, sometida a un seguimento
- 5 periódico pola coordinación nacional que ademais será difundida no noso espazo web
- 6 na nosa memoria anual.

7 **Introdución**

8 Non hai posibilidade para o feminismo se non contamos con todas, se nono construímos
9 desde todas as partes (e con isto dicimos mirada, clase, idade, cultura, identidade...). E
10 non hai posibilidade para un país que aspire á xustiza social sen o feminismo. E o
11 feminismo, desde os seus distintos movementos e enfoques, sabe que ninguén pode
12 quedar atrás. Por isto elaboramos este documento de encontro, de consenso, de
13 reflexión. Porque o resultado do esforzo colaborativo e do pensamento colectivo sempre
14 traza un camiño polo que todas podemos transitar máis cómodas e máis acompañadas.

15 En relación con isto e ante a conxuntura histórica na que se atopa a nosa organización
16 de face á celebración da nosa segunda Asemblea Xeral, a Coordinadora Nacional
17 elaborou este documento político e organizativo co obxectivo de transversalizar os
18 principios feministas éticos, organizativos e políticos en todas as iniciativas e propostas
19 da PFG, tanto na súa estrutura organizativa como nas súas liñas políticas e de acción.
20 Intentamos recoller neste documento os temas, cuestións e formulacións que xa teñen
21 xurdido nos debates neste tempo de andaina, xunto a outras achegas sobre as que
22 entendemos temos que reflexionar para marcar o que deberían marcar as nosas
23 principais liñas de traballo para os próximos dous anos.

24 Farémolo xuntas, porque xuntas entendemos que se constrúe, e porque xuntas temos
25 visto que se alcanzan os logros e os avances. Lonxe do frentismo patriarcal, o feminismo
26 nin pode nin debe ser nunca un campo de batalla. Debémonos á xenealogía feminista
27 que nos precede e constrúe; de igual modo que non podemos facer camiño se non é a
28 par doutros movementos. Se hai unha certeza histórica é que as loitas non se logran se
29 se fan en soidade, senón coa conciencia de necesitarnos e de estar a disposición de ir

1 xuntas na nosa diversidade, nas nosas miradas desde diferentes lugares, na posibilidade
2 de pensar mellor porque somos moitas pensando en común cara a consecución dun
3 mesmo obxectivo.

4 **Marco ideolóxico**

5 **Feminismo como proposta política e teórica**

6 Vivimos nun contexto de cambio, onde se produciron varias crises simultáneas,
7 interrelacionadas e mutuamente dependentes: unha crise económica, unha crise
8 ecolóxica, unha crise de dereitos... O neoliberalismo é o culpable de todas estas crises e,
9 por iso, para abordar a solución das crises que afectan as mulleres de maneira moi
10 especial, é necesario nomear, mencionar, dicir que é o neoliberalismo o inimigo dos
11 dereitos das mulleres e que nos sentimos partícipes da loita contra o capitalismo, o
12 sistema global de dominación, xunto co patriarcado.

13 A nosa aspiración debe ser a consecución dunha democracia real e isto pasa
14 forzosamente por acadar a xustiza de xénero. A xustiza de xénero implica o
15 recoñecemento e a defensa da diversidade sexual e cultural das mulleres e a garantía
16 dunha vida libre de violencias machistas; as nosas reivindicacións deben insistir na
17 aplicación de políticas de redistribución, representación e recoñecemento das mulleres.
18 Na esencia da creación da PFG está o compromiso pola loita contra todas as
19 desigualdades e discriminacións por razón de xénero. A loita contra as violencias
20 machistas debe seguir sendo un dos eixos fundamentais de todas as nosas actividades e
21 do noso discurso. Somos plenamente conscientes de que sen o recoñecemento do
22 legado histórico do movemento feminista, a súa actualidade e do empoderamento das
23 mulleres, non será posíbel unha verdadeira xustiza de xénero.

24 É importante recoñecer que estamos nunha fase de transición das reivindicacións
25 feministas. Estas parecen ser asumidas parcialmente polo discurso capitalista e por un
26 sistema masculinizado, co consecuente perigo de neutralización, cooptación e
27 desactivamento. Doutra banda, activáronse as reaccións misóxinas cos neomachismos e
28 pos-machismos. Existe tamén o risco de conformarnos ante os avances da participación

1 institucional feminina que non cambia de seu, de maneira automática, a lóxica
2 neoliberal.

3 **Despatriarcalización, descentralización e participación plural**

4 Despatriarcalizar é un proceso polo cal o exercicio do poder deixa de ser xerárquico e
5 unilateral. É por isto que desde os inicios da PFG apostamos pola descentralización da
6 organización como forma de empoderamento colectivo individual das mulleres que
7 forman parte da asociación.

8 A descentralización implica entón desenvolver espazos para a deliberación e a toma de
9 decisións entre un maior número de persoas e órganos, o que se reflectiría tanto na
10 diversidade de puntos de vista como na garantía e defensa da participación e decisión
11 dos diferentes niveis para garantir unha maior apertura, participación e democracia
12 interna na organización.

13 Doutra banda, enténdese que a óptica feminista supón unha subversión da orde
14 preestablecida, polo que, aínda que na nosa estrutura son mulleres a desenvolver as
15 tarefas no día a día, tampouco esta orde concordaría coa teoría dos coidados xa que os
16 mandatos de xénero e unha insuficiente deconstrución dos mesmos trouxeron como
17 consecuencia que os traballos que garanten a continuidade da organización e os
18 liderados continúen recaendo nun grupo pequeno de persoas.

19 Desta forma, a descentralización interna é un paso fundamental se queremos que esta
20 ferramenta que é a PFG sexa verdadeiramente empoderadora para todas.

21 **Transversalidade e interseccionalidade**

22 Tanto a transversalidade como a interseccionalidade parten da consideración do
23 feminismo como un enfoque integral, polo que a súa presenza en todos os nosos textos
24 e actividades é indispensable.

25 Reivindicamos a interseccionalidade como principio imprescindible para o cambio real.
26 Debemos comprender e afrontar as desigualdades que afectan as mulleres da man
27 doutras desigualdades, como as que afectan a grupos de diversidade étnica, colectivos
28 LGTBI, as mulleres rurais, os grupos de idade (mulleres maiores de cincuenta anos;



1 mulleres novas), os colectivos migrantes, as mulleres con diversidade funcional, as
2 mulleres precarizadas laboralmente...

3 Para que as nosas análises feministas que fundamentan sexan rigorosas e ofrezan
4 solucións eficaces, é necesario comprender o sexismo e o machismo como un dos eixos
5 fundamentais que, articulado con outros organizadores sociais, fan da nosa sociedade
6 unha pirámide social profundamente desigualitaria e violenta.

7 A interseccionalidade propón que a combinación de desigualdades non é só unha suma,
8 senón que produce experiencias de discriminación e desigualdade únicas e
9 substancialmente diferentes que deben ser visibilizadas para propoer e aplicar as accións
10 necesarias para combatelas.

11 Unha metodoloxía interseccional é indispensable á hora de comprender a diversidade de
12 mulleres e as súas respectivas demandas. É unha ferramenta non só de análise, senón
13 de práctica e diálogo feminista. Apostamos, por tanto, por un feminismo interseccional
14 que sexa capaz de dar resposta ás necesidades da comunidade no seu conxunto e á
15 necesidade de pór os coidados, que todas e todos necesitamos, no corazón das nosas
16 demandas e reivindicacións.

17 Para iso, é necesario comprender que todas as desigualdades sinaladas abranxen
18 espazos privados, públicos, locais, nacionais e globais, así como ámbitos políticos,
19 económicos, sociais e culturais.

20 **Alianzas con outros movementos sociais e sectores**

21 Aínda sendo conscientes de que as alianzas históricas que temos realizado desde o
22 feminismo non sempre nos beneficiaron, mantemos a vocación emancipadora do
23 feminismo e afirmamos, por tanto, que é necesaria a alianza cos movementos sociais e
24 outros sectores afíns á construción dun mundo máis equitativo.

25 **Alianzas desde loitas comúns**

26 Afirmamos que é necesaria a alianza entre o movemento feminista e o do colectivo
27 LGTBI na súa loita pola igualdade e a non discriminación. Se entendemos o xénero nun
28 sentido amplo, isto é, non só como a desigualdade estrutural entre mulleres e homes

1 que causa o patriarcado, senón tamén como un dispositivo de poder que controla e
2 establece a sexualidade e o xénero normativos, concluiremos que a lesbofobia, a
3 homofobia, a transfobia ou a bifobia son tamén formas de sexismo que afectan tanto ás
4 persoas LGTBI como ao conxunto da sociedade, e que teñen por obxecto reproducir
5 socialmente as diferenzas entre mulleres e homes.

6 Así mesmo, interseccionar o feminismo coa diversidade sexual e de xénero é básico no
7 ámbito educativo para evitar situacións de acoso ou *bullying*.

8 Comprometerse coa coeducación, co recoñecemento da diversidade afectivo-sexual da
9 comunidade escolar e da diversidade familiar é a única forma de alcanzar a igualdade de
10 xénero e a non discriminación.

11 Este camiño debe percorrerse, polo demais, en colaboración cos colectivos e as
12 organizacións relacionadas coas loitas do movemento LGTBI.

13 **Economía feminista, sustentabilidade da vida**

14 A economía feminista é outra forma de ver e entender a economía e a sociedade,
15 baseada na idea da existencia dunha economía que só ten en conta ao mercado e non
16 atende a todo o traballo invisibilizado de coidados, afectos e hixiene que sostén o actual
17 sistema de produción e, sobre todo, as nosas vidas cotiás. Desde a economía feminista
18 pretendemos ir cara a unha economía que teña como eixo central a sustentabilidade da
19 vida das persoas: vidas dignas de ser vividas.

20 Así, desde esta nova mirada, o obxectivo do funcionamento económico non é a
21 reprodución do beneficio capitalista senón a reprodución da vida.

22 O sistema económico actual é capitalista e patriarcal: o capitalismo soubo aproveitar o
23 patriarcado. Así, desde a economía feminista defendemos a necesidade dunha transición
24 que debe basearse na reorganización dos tempos e os traballos de forma máis
25 equitativa, e en organizar consumo e produción dunha forma diferente, máis horizontal;
26 como base de todo estaría o cuestionamento sistema capitalista e a orde patriarcal.

27 Desde os movementos de esquerda historicamente non se tivo en conta nin a economía
28 do coidado, nin a ecolóxica; entendemos que existe unha necesidade de que todas estas

1 cuestións sexan atendidas para conseguir unha verdadeira sustentabilidade da vida, a
2 convivencia nun mundo mellor para todos e todas e un verdadeiro cambio de paradigma
3 social.

4 Agora, despois das grandes mobilizacións feministas destes dous últimos anos, é o
5 momento de que, no marco da nosa proposta de verdadeiro cambio social, incluamos a
6 perspectiva da economía feminista e dos coidados tanto na nosa organización interna
7 como nas nosas propostas e accións, como unha verdadeira aposta polo cambio do
8 sistema capitalista e patriarcal.

9 **Economía do coidado**

10 Queremos crear unha nova noción de economía e traballo, pois na concepción actual só
11 se atenden ás cuestións relacionadas cos procesos mercantís e non se ten en conta que
12 existe outro gran ámbito de actividade económica como son os fogares.

13 Os anos de recortes e políticas neoliberais trouxeron para as mulleres maior fenda
14 salarial, maior precarización, empobrecemento. Trouxeron máis desemprego e maior
15 desigualdade a todos os niveis. A igualdade retrocedeu especialmente no que afecta os
16 traballos de coidados, sen os que a vida non é posible. E todo ese traballo estamos a
17 asumilo as mulleres á conta das nosas propias vidas e das nosas expectativas de futuro.
18 O coidado das persoas, indispensable para que unha sociedade subsista, ten que ser
19 repartido dunha forma equitativa tanto no ámbito doméstico (corresponsabilidade)
20 como a escala social. Para iso é fundamental que o Estado e as institucións cumpran a
21 súa parte.

22 O traballo de coidados non debe (re)converterse en traballo gratuíto e invisible das
23 mulleres. Ademais, ao profesionalizarse, desfeminizarse e dotarse de estándares de
24 calidade, non só se gaña en igualdade e en xustiza, senón que este é un importante
25 nicho de emprego e de desenvolvemento económico para un país.

26 Ademais, se temos en conta que as áreas rurais do país contan cunha poboación
27 notablemente envellecida debemos demandar que se artelles todas aquelas medidas
28 que garantan non só a atención e os coidados ás persoas en situación de dependencia
29 (melloras na Lei de Promoción da Autonomía, teleasistencia, rede pública de residencias

1 xeriátricas, unidades de convalecencia...), senón a autonomía daquelas que ven
2 obrigadas a abandonar os seus fogares ante a falta de servizos no medio rural no que
3 viven (médico, centros sociais, transporte público, etcétera). Non é a muller rural a que
4 debe saír da súa contorna, senón que deben achegarse estes servizos a ela.

5 Rexeitamos a mercantilización das nosas vidas, para situar ás persoas no centro; por
6 unha reorganización dos traballos e os tempos cunha perspectiva non mercantilista; por
7 unha educación cuxo obxectivo sexa a corresponsabilidade dos homes nas tarefas
8 domésticas e de coidados; pola responsabilidade do Estado e das Administracións
9 Públicas para acabar coa precariedade do traballo, tanto o remunerado como o de
10 coidados, e coa precariedade das vidas; e por que sexa o Estado quen garanta a
11 universalidade dos servizos de coidados e dos alicerces do Estado de benestar. Non
12 podemos facer fronte a máis recortes austericidas nos servizos, nas políticas de
13 igualdade ou contra as violencias machistas, nin nas de dependencia, sanidade ou
14 educación.

15 O papel das mulleres migrantes cobra especial relevancia neste sector, tradicionalmente
16 invisible, vulnerable e moi precarizado. Neste sentido, achamos que é necesaria a
17 ratificación do Convenio 189 da Organización Internacional do traballo (OIT) para
18 asegurar a protección efectiva dos dereitos humanos de todas as persoas traballadoras
19 do servizo doméstico con condicións xustas e dignas.

20 Neste contexto, o apoio e coidado ás coidadoras tamén debe considerarse central.

21 Garantir condicións laborais dignas para estas traballadoras implica recuperar a xestión
22 pública deses servizos, erradicar a mercantilización do sector e conseguir un convenio
23 laboral propio.

24 Tamén **achamos que a adopción doutras medidas son esenciais**: esiximos a
25 universalidade e gratuidade da educación pública de 0-3 anos; permisos parentais por
26 nacemento e adopción iguais e intransferíbeis; un ingreso vital garantido; un salario
27 mínimo interprofesional que garanta vidas dignas; inspeccións laborais con perspectiva
28 de xénero; o establecemento de políticas de sancións reais para empresas que
29 discriminen por razón de sexo e que non cumbran coa lexislación vixente; e un plan de
30 choque contra a feminización da pobreza e a precariedade.

1 A revisión das pensións de viuvez debe ser unha prioridade política.

2 **Violencias machistas, un problema sistémico**

3 Nos últimos anos, a nosa sociedade parece unánime na conciencia de que os
4 feminicidios son un fenómeno intolerábel que require unha solución urxente. Con todo,
5 non sempre son comprendidos como o que son: o extremo de horror dun sistema
6 económico, político e social que xera desigualdades e violencias en todos os ámbitos das
7 nosas vidas. É necesario seguir insistindo en que os asasinatos de mulleres ou a
8 violencia sexual son a punta dun iceberg que incumbe a toda a nosa sociedade e
9 maniféstase de moi diversas maneiras.

10 **Mercantilización dos corpos das mulleres**

11 **Prostitución**

12 A PFG ten como obxectivo fundamental a loita contra o sistema patriarcal e a expresión
13 da violencia estrutural en todos os seus ámbitos (económico, político, social, cultural...) e
14 o posicionamento en defensa dos intereses e dereitos das mulleres, tanto no público
15 como no privado, no social, no político, no plano económico, laboral, educativo, sexual,
16 espazos de ocio, no rural...

17 A violencia estrutural perpetuada polo sistema patriarcal maniféstase de distintas
18 maneiras, ten raíz na estrutura social na que vivimos, e emprega o xénero como unha
19 ferramenta de dominación económica, social e cultural sobre o que se sustenta o
20 patriarcado, empregando a división sexual do traballo e a mercantilización dos corpos
21 das mulleres como ferramenta de dominación.

22 A prostitución, a pornografía e os úteros de aluguer son formas extremas e brutais de
23 violencia machista e patriarcal que infrinxen unha violencia e sufrimento devastadores
24 na saúde física e psicolóxica das mulleres. O patriarcado e o capitalismo forman con
25 estes negocios unha alianza criminal que vulnera dereitos humanos fundamentais.

26 Considerar a prostitución como un traballo e legislar para considerala como tal,
27 prexudica a TODAS as mulleres porque o Estado envía a mensaxe aos homes de que

1 comprar e tratar ás mulleres como se nos trata na prostitución é correcto. Exponnos a
2 maior violencia sexual, imposibilita a igualdade nas nosas relacións afectivas e sexuais e
3 expón ás mulleres en situación de maior precariedade a ser captadas polas redes
4 mafiosas para introducilas no inferno da prostitución para beneficio de puteiros e
5 proxenetas.

6 **Considerar a prostitución como traballo implica unha negación absoluta da**
7 **violencia e da vulneración dos dereitos humanos máis básicos.** É irresponsable e
8 perigoso pois aumenta a demanda de prostitución e con iso a trata de mulleres e nenas
9 para abastecela, facendo aos proxenetas e as súas mafias máis ricas, poderosas e
10 influentes do que xa son.

11 Considerar a prostitución un traballo e dar, supostamente, “dereitos laborais” ás
12 prostituídas só beneficia a putañeiros e proxenetas, incrementa a trata e empeora as
13 condicións das prostituídas, como quedou demostrado nos países que así a legislaron.

14 Considerar a prostitución como traballo non é unha demanda das mulleres en situación
15 de prostitución, moitas sobreviventes da prostitución denuncian que a maioría de
16 sindicatos e asociacións que inclúen a denominación de “traballadoras sexuais” foron
17 fundados por proxenetas e explotadores que utilizan a mulleres para facerse pasar por
18 representantes das traballadoras sexuais.

19 Como feministas exiximos verdadeiros DEREITOS que defendan ás mulleres desta escravitude e para
20 iso **exiximos:**

21 - Medidas efectivas contra a violencia sexual e o abuso sexual infantil pois esta é a porta de entrada
22 da inmensa maioría de mulleres e nenas á prostitución. Basta de prescripción de delitos de pederastia,
23 de xustiza patriarcal que non cre ás denunciante, de recortar medios para a investigación dos delitos
24 e o acompañamento das vítimas.

25 - Unha Renda Básica, axudas sociais, medidas de protección, formación e o tratamento médico e
26 psicolóxico necesario para que as mulleres poidan abandonar a prostitución de forma segura.

27 - É inaceptábel que as leis de estranxeiría constitúan unha ameaza ás prostituídas. A persecución dos
28 explotadores non pode depender da condición das máis vulnerábeis. O Estado debe garantir os
29 recursos ás mulleres para evitar que queden empobrecidas e expostas á captación de redes mafiosas,
30 independentemente dos ingresos obtidos polo Estado mediante as multas aos puteiros e a

- 1 incautación de bens a mafias e proxenetas, que tamén debe acometer.
- 2 - Esiximos sancións aos puteiros como medida disuasoria e eficaz que reduce drasticamente a
- 3 demanda e por tanto a trata.
- 4 - Esiximos o fin da impunidade de proxenetas, mafias e os seus bordeis beneficiados por leis que
- 5 penan menos o tráfico de mulleres que o de drogas.
- 6 - Peche inmediato dos bordeis.
- 7 - Esiximos unha materia específica de educación afectivo-sexual que fomente a igualdade e o respecto
- 8 en todos os niveis educativos, que contrarreste os nocivos efectos da pornografía e a publicidade da
- 9 prostitución, na formación en valores igualitarios e de paz da nosa infancia e adolescencia.
- 10 - Esiximos que o persoal profesional que atenda ás mulleres vítimas teña unha formación adecuada
- 11 que as acompañe no abandono do inferno e evite que a ignorancia e os prexuizos patriarcais as
- 12 maltrate de novo.
- 13 - Esiximos leis que desterren da cultura modelos que normalizan a violencia e o machismo e fomentan
- 14 a pornografía e a prostitución, ramas dunha mesma industria mafiosa. Os pornógrafos e negociantes
- 15 de úteros de aluguer son proxenetas que tamén se abastecen da trata e da feminización da pobreza.
- 16 - Esiximos campañas disuasorias dirixidas aos puteiros.

17 **Úteros de aluguer**

18 O negocio dos úteros de aluguer é unha forma de mercantilización dos corpos das
19 mulleres onde se vulneran dereitos fundamentais aos que non se pode renunciar por
20 contrato en favor de quen compra querendo satisfacer un desexo, non un dereito. Ás
21 persoas adoptadas permíteselles coñecer á súa nai e pai biolóxico ao chegar á maioría
22 de idade, pero este dereito négaselles a aquelas persoas que foron xestadas en úteros
23 de aluguer, e foron vendidas. “Xestación subrogada altruísta” é un eufemismo co que
24 queren normalizar compra-venda de bebés para agochar o dano xerado á nai e á
25 criatura. “Altruísmo” é a escusa dos intermediarios para quedar con todos os beneficios.

1 **Conclusións**

2 **O debate non acaba aquí...**

Sabemos que varios dos temas que aparecen neste documento requiren o exercicio de seguir mergullando neles. Pero o proceso non remata aquí, o próximo paso ineludible son os debates nos grupos locais ao longo dos dous próximos anos e a próxima Asemblea da PFG.

Esta ponencia marcará as liñas políticas e a esencia ideolóxica da PFG. As estratexias, proxectos e actividades que se poñan en andamento respectarán este documento co obxectivo de acadar unha coxuntura social máis xusta e igualitaria que respecte os dereitos das mulleres.

Esta ponencia foi aprobada na Asemblea Xeral da asociación celebrada en Compostela o 27 de abril de 2019.